



Parlamento das Letras: Carlos Negro

Publicado o [28/11/2012](#)

O Negro literario: alias Carlos da rúa da Cacharela, alias o neno dos de Agolada, alias o neto dos da Avenida de Buenos Aires. Nacemento en Lalín Town, nalgún momento do outono de 1970.

Individuo altamente perigoso, dedicado a actividades artísticas de fondo calado subversivo como escribir versos ou organizar e participar en xuntanzas de carácter literario. Segundo fontes ben informadas, sábese que circulan entre a poboación rabuda con querenza da escrita en galego libelos seus nos que propala consignas oníricas sobre as laranxas de Alí Babá. Consta que ten tratos con indíxenas das reservas galaicas do Far-West e que tenta avivar a memoria sentimental das xentes con cantos sobre Héleris e a mitoloxía venérea dos helenos. Tamén se confirmou a súa participación no contrabando ideolóxico de cultivos intelectuais transxénicos nos que aparecen trazas identitarias de potenciais repercusións virais que convén desactivar antes de que cheguen ás mans da masa lectora. Ultimamente tense visto na compañía de mocidade makineira e outra xentalla para a que redactou unha sorte de biblia rebelde e retranqueira á que puxo o impío nome de Abelcebú e que os iniciados nesta seita nicroliteraria coñecen co nome en clave de 'Diccionario do Demo e a Mona'.

Se algún dos nosos axentes se cruza con el ten orde de facelo enmudecer. Convén non confiarse, pois é hábil no manexo das máis letais disciplinas verbais, como a capoeira contística, o full contact articulístico e, sobre todo, o karate versal, disciplina milenaria na que é un mestre consumado.

Este expediente é clasificado. A seguir reproducése a transcripción da confesión obtida do individuo nunha das ocasións nas que foi interrogado, pois actualmente permanece en paradoiro literario descoñecido.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Curiosamente, os meus primeiros textos foron algúns intentos narrativos, relatos e contos espallados por revistas, algo haberá por *Ólisbos*, aquel proxecto literario da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela. E tamén lembro unha revista cultural que fixemos en Lalín alá polo ano 1994, *A Cachoeira*. Alí xa había algún relato (malo) que levaba o meu nome.

Pero se falamos máis en serio, o meu bautizo poético produciuse grazas ao labor xeneroso e arriscado da cooperativa poética Letras de Cal, que me deu a oportunidade de publicar as *laranxas de alí babá* no ano 1998. Foi unha etapa que lembro con moito agarimo e agradecemento, con numerosos recitais e presentacións en espazos que se saían do círculo fechado dos salóns de actos e librarías.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

En xeral, coido que toda obra literaria en galego, polo feito de estar escrita na nosa lingua, adoita ser “maltratada” a nivel mediático, en canto resulta difícil que atope espazos de visibilidade que a fagan destacar entre a faramalla publicitaria de produtos literarios destinados a conquistar un público globalizado. E isto resulta aínda máis obvio en xéneros xa en por si minoritarios, como a poesía, o teatro ou o ensaio.

A nivel particular, as críticas que foron aparecendo dos distintos libros de poesía que levo publicados recíboas con bastante respecto e agradecemento, máis alá de que as interpretacións e valoracións sobre os mesmos coincidan coas miñas expectativas “autorais”; neste contexto, trato de analizar os xuízos críticos para descubrir neles novas perspectivas das que non son consciente cando escribo, pero sempre sen apaixonamentos excesivos, resulten ou non favorables. Aínda así, coido que a maior parte das análises críticas arredor dos meus libros foron bastante respectuosas e atinadas.

A nivel de público, resúltame moi difícil valorar con obxectividade cal é a recepción global da propia obra. Si me atrevo a dicir que o meu maior “éxito” editorial vén sendo *Makinaria*, un poemario pensado e soñado para un público xuvenil, e que me vén dando moitísima satisfacción emocional no contacto directo co contorno adolescente. Neste sentido, representa un exemplo fantástico de que poesía e mocidade non son conceptos antagónicos nin incompatibles, a pesar de certos prexuízos aínda presentes no conxunto do profesorado de literatura.

En canto á obra que pasou máis desapercibida, tanto a nivel de crítica como de público, coido que foi *Abelcebú*, un dicionario burlesco que pretende actualizar a nosa tradición literaria de sátira mesturada con retrans e tamén unhas pingas de visión poética. Os motivos polos que non atopou maior repercusión non os sei, se cadra é unha obra que descoloca un pouco ao público lector e, como non se pode encadrar ben en ningún xénero, non espertou demasiada atención.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Coido que non: silencio, roupa cómoda e, no mellor dos casos, certa soidade ambiental que me permita abstraerme do mundanal ruído. É dicir, non dou materia para unha crónica de excentricidades artísticas.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Ao pé de moita xente que me precedeu no tempo (clásicos, seica se chaman) ou que me acompaña desde os anos noventa cara adiante. Pero tamén debo admitir certo grao de frustración por non ser eu quen de imaxinar algúns versos afortunados que teño a sorte de ler nos libros das/dos meus colegas, e que me provocan un sentimento de admiración mesturada con envexa. Así que, se hai sorte e as circunstancias o permiten, terei que conformar con seguir tentando escribir cada día un chisco menos mal que o anterior, aínda que iso nunca pareza abondo para estar á altura das/dos poetar que admiro.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Mírome no espello e véxome un pouco sorprendido de ter algo que se poida denominar “traxectoria literaria”; en todo caso, cada vez máis concibo a experiencia da creación poética como un espazo aberto, como unha gándara onde non hai que se fiar das fronteiras visibles ou dos camiños xa andados. Cada “texto” representa unha mutación en si mesmo, cada libro un

proxecto que agardo non se pareza ao anterior. Fuxo conscientemente dunha “marca de estilo”, algunha vez declarei que me recoñezo nunha polifonía de voces, de máscaras que falan de min mesmo, pero a través de personaxes e microcosmos que operan por ciclos sucesivos e independentes entre si.

En todo caso, o poema non existe “a priori”, vai pedindo no momento, faise a si mesmo a través da tensión emocional entre unha expectativa de sentido e unha violencia na linguaxe. A maiores, cada libro responde a unha etapa diferente da experiencia vital e sen ese alento subterráneo todo sería pura retórica, brincadeira literaria, brillo de folla de lata.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Non hai marcos fixos, hai día e estados de ánimo diversos que esixen un menú de lecturas variado e mesmo contradictorio.

Regreso con pracer a Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro, a Ramón Cabanillas e Manuel Antonio, a Eugénio de Andrade e José Ángel Valente, a Raymond Carver e Wislawa Szymborska, a Mahmud Darwish e Emilio Araúxo.

Pero tamén collen na mochila das viaxes Fran Alonso e Celso Fernández Sanmartín, Antón Reixa e Xela Arias, Chus Pato e María do Cebreiro, Yolanda Castaño e María Lado, Lupe Gómez e Olga Novo, Ana Romaní e Dores Tembrás, Calros Solla e o Leo... ou Anne Sexton e Sylvia Plath. Hai días e horas diferentes para petiscar nun universo que non atopa límite.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Sóbralle cultura mortuoria, ese aire a defunto con coroas de flores. Fáltalle aparato loxístico, verdadeiro apoio institucional, márketing sen complexos e quizais unha maior independencia con respecto á mitoloxía política xurdida do nacionalismo do século XX.

Fáltalle, como a case todas as literaturas do mundo, un público lector máis consciente e masivo.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Un poema que resista minimamente o paso do tempo, aínda que todo deveña igualmente en cinza e poeira.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Chove, pero non sei cando escampará. Sobre todo a nivel de uso da lingua, pois se a sociedade do século XXI deixa que se esfarele o idioma como signo distintivo, tanto dará se un grupiño de toleiráns escribimos ben, mal ou regular.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Beizóns por seguires aí, construíndo espazos de diálogo para que a literatura galega continúe alentando máis alá das nosas teimas e obsesións particulares.